

Para máis información

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA E PLANIFICACIÓN Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles

Edificio administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 542 960
<http://dxsp.sergas.es>

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA E PLANIFICACIÓN

Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos

Edificio administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 541 858

UNIDADES DE SEGUIMENTO DO VIH/SIDA HOSPITALARIAS

Complejo Hospitalario Universitario A Coruña

Servizo de Medicina Interna
As Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña
Teléfono: 981 178 394

Hospital Clínico Universitario de Santiago

Servizo de Medicina Interna
Travesía da Choupana, s/n
15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 951 266

Hospital Arquitecto Marcide Servizo de Medicina Interna

Estrada San Pedro de Leixa, s/n
15045 Ferrol
Teléfono: 981 334 504

Complejo Hospitalario Xeral-Calde Servizo de Medicina Interna

Rúa Doutor Severo Ochoa, s/n
27004 Lugo
Teléfono: 982 296 000 (Ext.: 246260)

Complejo Hospitalario de Ourense Servizo de Medicina Interna

Rúa Ramón Puga, 54
32005 Ourense
Teléfono: 988 385 355

Hospital Provincial de Pontevedra Servizo de Medicina Interna

Rúa Loureiro Crespo, 2
32002 Pontevedra
Teléfono: 986 800 000 (Ext.: 287252)

Consellería
de Sanidade

Saúde Pública
e Planificación
Información divulgativa

Complejo Hospitalario Universitario de Vigo Hospital Xeral Cíes

Servizo de Medicina Interna
Rúa Pizarro, 22
36204 Vigo
Teléfono: 986 816 000 (Ext.: 16104)

Hospital do Meixoeiro Servizo de Medicina Interna

O Meixoeiro, s/n
36200 Vigo
Teléfono: 986 811 111

Hospital Povisa Servizo de Medicina Interna

Rúa Salamanca, 5
36211 Vigo
Teléfono: 986 413 144

Dilux, S.L. Dep. Legalt. C 9894/2009

As relacións sexuais non protexidas son a vía
máis importante de transmisión do virus do

VIH-SIDA

FAI A PROBA
Sairás gañando!

A enfermidade da sida é a última etapa da infección causada polo VIH (virus de inmunodeficiencia humana).

A infección polo **VIH** transmítese a través de tres vías:



Relacións sexuais sen protección.



Compartir material de inxección de drogas.



De nai a fillo: pódese evitar na case totalidade dos casos cun seguimento médico do embarazo, parto e lactación.

A **vía heterosexual é a principal vía de transmisión do VIH**. Estímase que un terzo das persoas que están infectadas non o saben porque nunca fixeron a proba. Estas persoas poden transmitir o VIH sen sabelo as súas parellas sexuais, porque esta infección non adoita dar síntomas.



Podes protexerte de maneira sinxela, **usando sempre o preservativo nas relacións sexuais e non compartindo materiais de inxección de drogas.**

Non existe risco de infección por se bicar, acariciar, nin a través da saliva ou das bágoas, nin pola convivencia no domicilio, no traballo, na escola, nin por compartir aseos públicos, piscinas, vasos, cubertos, nin por esbirros, tose, nin picaduras de insectos...

Se tiveches prácticas sexuais non protexidas, fala co teu médico e fai a proba. Un resultado negativo darache a tranquilidade de que non estás infectado. Se o resultado fose positivo (hai infección de VIH), canto antes o saibas antes poderás acceder ao tratamento. Aínda que non é curativo, pode frear dun modo moi importante a evolución da infección.

Para solicitar a proba do VIH vai ao teu centro de saúde. A proba consiste nunha sinxela análise de sangue.

Esta proba é sempre **confidencial e gratuíta** en calquera centro pertencente ao **Servizo Galego de Saúde**.